

DESFILE DE ENTROIDOS TRADICIONAIS

12:45 h.
Praza do Obradoiro
6 de setembro
Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA



Depósito Legal C-917-2025

O Entroido é por definición a festa máis subversiva do ano.

O Entroido galego, tamén chamado Antroido ou Introido, entre outras denominacións, é ademais unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense. E hoxe goza de moi boa saúde.

Non hai que esquecer que Galicia foi unha das poucas rexións de España que continuou celebrando o carnaval a pesar da prohibición.

Hoxe a importancia do Entroido é tal que once carnavaís galegos exhiben con orgullo a cualificación oficial de "Festa de Interese Turístico". E máis de 175 municipios de Galicia declararon festivo o Luns ou Martes de Entroido ou o Mércores de Cinza.

Iso si, convén ir disfrazado. O que se valora é o espírito participativo e as ganas de se divertir. Sen disfrace un corre o risco de sufrir uns lategazos; de que lle boten fariña ou formigas vivas; ou de ter que invitar a unha rolda de viños. É a lei.

Hai tamén outra lei que se cumpre estritamente: a dos banquetes gastronómicos. Porque en Galicia o Entroido acompáñase sempre dunha boa mesa.

Que comece a festa!

ENTROIDO



El Carnaval es por definición la fiesta más subversiva del año. El carnaval gallego, O *Entroido* (también llamado Antroido o Introido, entre otras denominaciones), es además una celebración de larga tradición popular, sobre todo en la provincia de Ourense. Y hoy goza de muy buena salud.

No hay que olvidar que Galicia fue una de las pocas regiones de España que continuó celebrando el carnaval a pesar de la prohibición.

Hoy la importancia del *Entroido* es tal que once carnavales gallegos exhiben con orgullo la calificación oficial de "Fiesta de Interés Turístico". Y más de 175 municipios de Galicia han declarado festivo el Lunes o Martes de Carnaval o el Miércoles de Ceniza.

Eso sí, conviene ir disfrazado. Lo que se valora es el espíritu participativo y las ganas de divertirse. Sin disfraz uno corre el riesgo de sufrir unos golpes de fusta; de que le echen harina u hormigas vivas; o de tener que invitar a una ronda de vinos. Es la ley.

Hay también otra ley que se cumple estrictamente: la de los banquetes gastronómicos. Porque en Galicia el *Entroido* se acompaña siempre de una buena mesa.

¡Que comience la fiesta!



By definition the Carnival is the most unconventional celebration of the year.

The Galician carnival, or *Entroido* (also called Antroido or Introido, among other names), is also a celebration of popular tradition, especially in the province of Ourense. And it is still going strong today.

We must not forget that Galicia was one of the few regions of Spain that continued to hold the carnival despite the ban.

Today the *Entroido* is so important that eleven Galician carnivals proudly hold the official rating of "Celebration of Tourist Interest". And over 175 municipalities in Galicia have declared holidays on the Monday or Tuesday of Carnival or on Ash Wednesday.

Yes, you can go in fancy dress... as whatever you want! Here the spirit of getting involved and the desire to have fun are valued the most. Without fancy dress you run the risk of being whipped; having flour or live ants thrown at you; or having to buy the next round of wine! It is the law.

There is also another law that is strictly followed: that of gastronomic banquets. Because in Galicia the *Entroido* is always accompanied by a hearty meal.

Let the celebrations begin!

ENTROIDOS de interese TURÍSTICO



CARNAVALES DE INTERÉS TURÍSTICO
CARNIVALS OF TOURIST INTEREST



Xínzo de Limia

É o Carnaval máis longo de España e probablemente do mundo, xa que se celebra por todo o alto durante cinco fins de semana, comezando o Domingo Fareleiro e terminando o Domingo de Piñata.

As pantallas son os personaxes característicos. Van coa cara cuberta por unha espléndida máscara feita dunha soa peza, en pasta de papel, e pintada cunha cara que recorda un demo... burleiro. A súa vestimenta non está completa sen un par de globos feitos de vexigas de animais que golpean constantemente un contra o outro, producindo un ruído incesante.

✓ PARA NON PERDER:

O desfile de carrozas do Martes de Entroido.

Es el Carnaval más largo de España y probablemente del mundo, ya que se celebra por todo lo alto durante cinco fines de semana, comenzando el *Domingo Fareleiro* y terminando el Domingo de Piñata.

Las pantallas son los personajes característicos. Van con la cara cubierta por una espléndida máscara hecha de una sola pieza, en pasta de papel, y pintada con una cara que recuerda a un demonio... burlón. Su vestimenta no está completa sin un par de globos hechos de vejigas de animales que golpean constantemente uno contra el otro, produciendo un ruido incesante.

✓ PARA NO PERDERSE:

E desfile de carrozas del Martes de Carnaval.



This is the longest Carnival in Spain, and probably in the whole world, as the celebrations are in full swing over five whole weekends, starting on *Domingo Fareleiro* (Floury Sunday) and ending on *Domingo de Piñata* (Piñata Sunday).

The pantallas are the protagonists. They walk around with their face covered by a magnificent papier mâché mask, painted with the face of a mocking demon. Their outfit is not complete without a pair of balloons made from animal bladders, which they hit against each other again and again, producing an incessant noise.

✓ DON'T MISS:

The *Martes de Carnaval* (Carnival Tuesday) float parade.



Verín

Aquí manda un personaxe ao que nunca se lle ve a cara, viste unha elaborada e extravagante vestimenta que pesa ata 25 kg e leva unha fusta que utiliza sen miramentos. É o cigarrón, un personaxe que algúns remontan ao século XVI. Puido ser na súa orixe un impopular recaudador de impostos ou un vigilante da ortodoxia eclesiástica. Vestirse de cigarrón é todo un ritual e necesítase a axuda de varias persoas.

O Entroido dura practicamente dúas semanas e segue un ritual ancestral de desfiles, verbenas e vistosos cerimoniais. E por suposto moita, moita festa.

✓ PARA NON PERDER:

Os saúdas dos batallóns de cigarróns, o Domingo Corredoiro á saída de misa.

Aquí manda un personaxe al que nunca se le ve la cara, viste una elaborada y extravagante vestimenta que pesa hasta 25 kg y lleva una fusta que utiliza sin miramientos. Es el *cigarrón*, un personaje que algunos remontan al siglo XVI. Pudo ser en su origen un impopular recaudador de impuestos o un vigilante de la ortodoxia eclesiástica. Vestirse de *cigarrón* es todo un ritual y se necesita la ayuda de varias personas.

El Carnaval dura prácticamente dos semanas y sigue un ritual ancestral de desfiles, verbenas y vistosos ceremoniales. Y por supuesto mucha, mucha fiesta.

✓ PARA NO PERDERSE:

Los saludas de los batallones de *cigarróns*, el Domingo Corredoiro a la salida de misa.



This celebration involves a character whose face you never see. He wears elaborate and extravagant clothing that weighs up to 25 kg, and carries a whip, which he uses with no remorse. He is the *cigarrón*, a character that some people date back to the 16th century. He is perhaps based on the typically unpopular tax collector, or a guard of the ecclesiastical orthodoxy. Dressing up as the *cigarrón* is an entire ritual, and requires the assistance of several people.

The Carnival lasts for almost two weeks and follows a ritual of parades, dances and colourful ceremonies. And of course, lots and lots of celebration.

✓ DON'T MISS:

The greetings of the battalions of *cigarróns*, on Domingo Corredoiro (Pathway Sunday), straight after mass.



Viana do Bolo

É probablemente o Carnaval máis antigo de Galicia e tamén un dos máis auténticos de Europa. Entroido e gastronomía van indisolublemente unidos, de feito o nome oficial desta celebración é "Festa da Androlla e o Entroido". A androlla é un exquisito embutido de porco que chega ao Entroido no seu punto óptimo, listo para cocinar. É o produto estrela dun multitudinario banquete que, ten lugar o Domingo de Entroido.

Os outros protagonistas son o boteiro e os foliós. O boteiro é a máscara emblemática; leva sempre a cara tapada por una carauta rematada nun impresionante penacho e un traxe multicolor de fitas de seda. Os foliós son comparsas de 30 ou 40 persoas que poñen a banda sonora ao Carnaval percorrendo rúas e aldeas.

✓ PARA NON PERDER:

Desfile de foliós acompañados polos boteiros, no Domingo Gordo.

Es probablemente el Carnaval más antiguo de Galicia y también uno de los más auténticos de Europa. Carnaval y gastronomía van indisolublemente unidos, de hecho el nombre oficial de esta celebración es "Festa da Androlla e o Entroido". La *androlla* es un exquisito embutido de cerdo que llega al Carnaval en su punto óptimo, listo para cocinar. Es el producto estrella de un multitudinario banquete que tiene lugar el Domingo de Carnaval.

Los otros protagonistas son el *boteiro* y los *foliós*. El *boteiro* es la máscara emblemática; lleva siempre la cara tapada por una careta rematada en un impresionante penacho y un traje multicolor de cintas de seda. Los *foliós* son comparsas de 30 o 40 personas que ponen la banda sonora al Carnaval recorriendo calles y aldeas.

✓ PARA NO PERDERSE:

Desfile de foliós acompañados por los boteiros, en el Domingo Gordo.



This is probably the oldest Carnival in Galicia, and also one of the most authentic in Europe. Celebration and gastronomy come together as one, and in fact the official name of this celebration is "Festa da Androlla e o Entroido" (Androlla Festival and/or Carnival). *Androlla* is an exquisite cured pork sausage, ready to cook, which arrives at the Carnival perfectly aged. It is the star product of a vast banquet that takes place on the Carnival Sunday.

The other protagonists are the *boteiro* and the *foliós*. The *boteiro* figures walk around with their face covered by a symbolic mask, topped with an impressive plume, and wear a multi-coloured suit made of silk ribbons. The *foliós* are groups of 30 or 40 people who produce the soundtrack to the Carnival, walking through the streets and villages.

✓ DON'T MISS:

The *foliós* parade, accompanied by the boteiros, on Domingo Gordo (Fat Sunday).



(obres (Vilaboa)



Xa no século XVIII hai referencias escritas sobre este Carnaval, o Entroido máis elegante de cantos se celebran en Galicia. Traxes, música e danza remiten a un mundo galante e cortesán onde a posición social de cada personaxe está claramente diferenciada.

Madamas e galáns son os personaxes característicos, recorren o municipio levando con eles a festa e o baile. Os seus traxes son espléndidos e custosos, xa que representan o rango social máis alto. ¡Ah!, unha curiosidade: non hai máscaras nin antefaces, vaise a cara descuberta. Hai que presumir!

✓ PARA NON PERDER:

Corrida do Galo e outros xogos populares o Martes de Entroido.

Ya en el siglo XVIII hay referencias escritas sobre este Carnaval, el Carnaval más elegante de cuantos se celebran en Galicia. Trajes, música y danza remiten a un mundo galante y cortesano donde la posición social de cada personaje está claramente diferenciada.

Madamas y *galáns* son los personajes característicos, recorren el municipio llevando con ellos la fiesta y el baile. Sus trajes son espléndidos y costosos, ya que representan el rango social más alto. ¡Ah!, una curiosidad: no hay máscaras ni antefaces, se va a cara descubierta. ¡Hay que presumir!

✓ PARA NO PERDERSE:

Corrida del Gallo y otros juegos populares el Martes de Carnaval.

Written references about this Carnival date back to the 18th century. It is the most elegant of all the carnivals celebrated in Galicia. Costumes, music and dance evoke a gallant and courtly world, where the social status of each character is clearly defined.

Madamas and *galáns* are the protagonists, walking through the town bringing the celebration and dancing with them. Their costumes are splendid and expensive, as they represent the highest social rank. Oh, and no masks are worn, everyone walks around with their face on-show. Well, when you've got it, flaunt it!

✓ DON'T MISS:

The *Corrida del Gallo* (Cock racing) and other popular games on *Martes de Carnaval* (Carnival Tuesday).



Laza

Laza xunto con Xinzo e Verín, forma un dos vértices do triángulo máxico do Entroido de Galicia. O protagonismo é dos *peliqueiros*, persoeiros que levan unha coidada e orixinal vestimenta que pode pesar ata 25 kg. Segundo a tradición, non se lle pode tocar nin manchar... aínda que si se lle pode insultar.

A alegría do Carnaval corre paralela á boa mesa e Laza celébrao especialmente cun banquete multitudinario: a Festa Gastronómica da Cachucha, da Bica Branca, do Xastré (licor típico desta zona) e do Licor Café.

✓ **PARA NON PERDER:**
O Domingo de Entroido, cando chegan a ata 150 *peliqueiros* na súa Estrea.

Laza junto con Xinzo y Verín, forma uno de los vértices del triángulo mágico del Carnaval de Galicia. El protagonismo es de los *peliqueiros*, personajes que llevan una cuidada y original vestimenta que puede pesar hasta 25 kg. Según la tradición, no se le puede tocar ni manchar... aunque sí se le puede insultar.

La alegría del Carnaval corre paralela a la buena mesa y Laza lo celebra especialmente con un banquete multitudinario: "La Festa Gastronómica da Cachucha, da Bica Branca, do Xastré (licor típico de esta zona) e do Licor Café".

✓ **PARA NO PERDERSE:**
El Domingo de Carnaval, cuando llegan a hasta 150 *peliqueiros* en su "Estrea".



Laza, together with Xinzo and Verín, forms one of the points of the magic triangle of the Carnival of Galicia. The *peliqueiros* are the main characters, who wear a reserved and original costume that can weigh up to 25 kg. According to tradition, you may not touch nor stain it... but you are allowed to insult it.

The joy of the Carnival runs parallel to the good food, and Laza celebrates this Carnival with a great banquet: the "Festa Gastronómica da Cachucha, da Bica Branca, do Xastré (a typical liquor of this area) e do Licor Café".

✓ **DON'T MISS:**
Carnival Sunday, when there are as many as 150 *peliqueiros* in the "Estrea" parade.



Manzaneda

Un Entroido que destila autenticidade; quizá porque ao estar situado nunha zona de alta montaña, o municipio de Manzaneda mantívose relativamente illado, preservando así a pureza das súas tradicións.

Os protagonistas son a *mázcara*, o *folión* e a *foliada*. A *mázcara* é o personaxe central e a pesar do seu nome, adoita levar o rostro descuberto. Na cabeza, o pucho, un enorme tocado. É un elegante e consumado bailarín e o acompañante imprescindible dun *folión*, unha especie de comparsa. A *foliada* é unha representación en clave satírica na que participan *máscaras*, *folións* e todos os personaxes do Entroido. Teatro de rúa na súa versión máis divertida. E gratis. Viva a festa!

✓ **PARA NON PERDER:**
Desfile de *folións* e comida popular o Martes de Entroido.

Un Carnaval que destila autenticidad; quizá porque al estar situado en una zona de alta montaña, el municipio de Manzaneda se mantuvo relativamente aislado, preservando así la pureza de sus tradiciones.

Los protagonistas son la *mázcara*, el *folión* y la *foliada*. La *mázcara* es el personaje central y a pesar de su nombre, suele llevar el rostro descuberto. En la cabeza, el sombrero, un enorme tocado. Es un elegante y consumado bailarín y el acompañante imprescindible de un *folión*, una especie de comparsa. La *foliada* es una representación en clave satírica en la que participan *máscaras*, *folións* y todos los personajes del Carnaval. Teatro de calle en su versión más divertida. Y gratis. ¡Viva la fiesta!

✓ **PARA NO PERDERSE:**
Desfile de "folións" y comida popular el Martes de Carnaval.

A Carnival that exudes authenticity. Perhaps because it is located in a high mountain area, the municipality of Manzaneda has always remained relatively isolated, and therefore the purity of their traditions has been preserved.

The protagonists are the *mázcara*, the *folión* and the *foliada*. The *mázcara* is the central character and despite its name (meaning 'mask'), the face tends to remain uncovered, but it does sport an enormous headdress. It is an elegant and accomplished dancer, and it must always be accompanied by a *folión*, a kind of troupe. The *foliada* is a satirical performance involving the *máscaras*, the *folións*, and all the other characters of the Carnival. Street theatre doesn't get any better than this. And it's free! Long live the party!

✓ **DON'T MISS:**
The parade of "folións" and popular food on *Martes de Carnaval* (Carnival Tuesday).





Xenerais da Ulla

Un Entroido para mofarse da guerra. Esta é a idea detrás dunha celebración da que xa hai referencias escritas cara a 1870. A festa inspírase nas loitas que tiveron como escenario a comarca do río Ulla na primeira metade do século XIX.

Celébrase en nove concellos. Os personaxes máis importantes son os xenerais e tamén os correos que, a cabalo e acompañados dun alegre exército de abandeirados e comparsas, percorren rúas e localidades dando vivas.

✓ PARA NON PERDER:

Os atranques, os encontros que manteñen os xenerais en diferentes días e lugares da comarca.

Un Carnaval para mofarse de la guerra. Esta es la idea detrás de una celebración de la que ya hay referencias escritas hacia 1870. La fiesta se inspira en las luchas que tuvieron como escenario la comarca del río Ulla en la primera mitad del siglo XIX.

Se celebra en nueve ayuntamientos. Los personajes más importantes son los *xenerais* y también los *correos* que, a caballo y acompañados de un alegre ejército de abanderados y comparsas, recorren calles y localidades dando "vivas".

✓ PARA NO PERDERSE:

Los "atranques", los encuentros que mantienen los *xenerais* en diferentes días y lugares de la comarca.



A Carnival to scoff at the idea of war. This is the idea behind this celebration, from as far back as the 1870s. The festival is inspired by the struggles that took place in the region of the Ulla River in the first half of the 19th century.

It is celebrated in nine municipalities. The most important characters are the *xenerais* and the *correos* who parade through streets and localities on horseback shouting "vivas" (live), accompanied by a cheerful army of flag bearers and troupes.

✓ DON'T MISS:

The "atranques", gatherings held by the *xenerais* on different days and in various places throughout the region.



Maceda

Os felos son as súas máscaras emblemáticas. Unhas figuras tan antigas e fascinantes como os seus parentes máis famosos, os peliqueiros de Laza e os cigarróns de Verín.

O que distingue a simple vista aos felos son as medias negras, en lugar de brancas. A súa vestimenta é en certo modo máis rústica, máis apegada ás orixes. As carautas, sempre co sorriso, locen grandes cellas e bigotes e os coloretos nas meixelas. Na mitra pintanse animais da Serra de San Mamede e na parte posterior leva unha pel de animal. Vestirse de felo imprime carácter e antes só podían facelo os homes solteiros. Son por definición espíritos rebeldes e anárquicos, mais en tempo de Entroido eles son a lei.

✓ PARA NON PERDER:

O percorrido dos Felos polas parroquias do concello.

Los *felos* son sus máscaras emblemáticas. Unas figuras tan antiguas y fascinantes como sus parientes más famosos, los *peliqueiros* de Laza y los *cigarróns* de Verín.

Lo que distingue a simple vista a los *felos* son las medias negras, en lugar de blancas. Su vestimenta es en cierto modo más rústica, más cercana a los orígenes. Las caretas, siempre con la sonrisa, lucen grandes cejas y bigotes y los coloretos en las mejillas. En la mitra se pintan animales de la sierra de San Mamede y en la parte posterior lleva una piel de animal. Vestirse de felo imprime carácter y antes solo podían hacerlo los hombres solteros. Son por definición espíritus rebeldes y anárquicos, pero en tiempo de Carnaval ellos son la ley.

✓ PARA NO PERDERSE:

El recorrido de los *felos* por las parroquias del municipio.

The stars of this carnival are the *felos*, wearing their emblematic masks. These figures are just as ancient and fascinating as their better-known relatives, the *peliqueiros* of Laza and *cigarróns* of Verín.

At first glance, what distinguishes the *felos* are their stockings, which are black instead of white. Their clothing is somewhat more rustic, closer to their origins. Their masks, always wearing a smile, boast great big eyebrows and moustaches, and they sport blushing red cheeks. The front of the headdress part of the mask shows paintings of animals from the mountains of San Mamede, and on the back they wear an animal skin. Dressing up as a felo gives a unique character and in the past, only single men could play the part. They are, by definition, rebellious and anarchic spirits, but during the Carnival, they lay down the law.

✓ DON'T MISS:

The tour of the *felos* through the parishes of the municipality.





Vilariño de Conso

Aquí celébrase o que moitos consideran o Entroido en estado puro. O *boteiro* é o personaxe estelar, é o dirixente do *fulión* (un grupo de persoas tocando bombos e gadañas ao mesmo compás). Os *boteiros* levan unha máscara de cartón forrada de pelo e pel de cabra e unha camisa bordada con multitude de cintas de cores. Tamén portan penduradas do cinto as chocas que ao bailaren fan o seu son característico. Na de Mornmentelos o *fulión* é máis parecido ao de Manzaneda e non levan máscara senón un pucho con fitas.

O compoñente gastronómico vén da man da Festa do Cabrito no Domingo Gordo para degustar, ademais do cabrito, chourizos, bica e viño.

PARA NON PERDER:

O Domingo Gordo, polo gran desfile de *fulións* unido á Festa do Cabrito na capital do concello.

Aquí se celebra lo que muchos consideran el Carnaval en estado puro. El *boteiro* es el personaje estelar, es el dirigente del *fulión* (un grupo de personas tocando bombos y guadañas al mismo compás). Los *boteiros* llevan una máscara de cartón forrada de pelo y piel de cabra y una camisa bordada con multitud de cintas de colores. También portan colgadas del cinto los cencerros que al bailar hacen su sonido. En la de Mornmentelos el *fulión* es más parecido al de Manzaneda y no llevan máscara sino un gorro con cintas.

El componente gastronómico viene de la mano de la "Festa do Cabrito" en el Domingo Gordo para degustar, además del cabrito, chorizos, bica y vino.

PARA NO PERDERSE:

El Domingo Gordo, por el gran desfile de *fulións* unido a la "Festa do Cabrito" en la capital del municipio.

Many people consider this to be an example of Carnival in its purest form. The *boteiro* is the star character, and the leader of the *fulión* (a group of people playing drums and scythes in time with each other). The *boteiros* wear a cardboard mask lined with goat hair and skin, as well as an embroidered shirt bearing a multitude of coloured ribbons. They also wear cowbells hanging from their belt, which sound while they dance. In Mornmentelos, the *fulión* is more similar to that of Manzaneda, in that they do not wear a mask, but rather a cap with ribbons.

The gastronomic side of things comes hand in hand with the "Festa do Cabrito" (Kid Festival) on Domingo Gordo (Fat Sunday) where, in addition to the young, milk-fed goat meat on offer, you can taste *chorizos*, *bica* cake and wine.

DON'T MISS: On Domingo Gordo (Fat Sunday), the great parade of *fulións* as part of the "Festa do Cabrito" (Kid Festival) in the capital of the municipality.



Entroido de Foz

Este Entroido é unha festa multicolor sinónimo de arraigamento, sentimento, emoción, humor, transgresión, imaxinación, calidade e vistosidade. Entroido de *peñas*, de *turutas* e comparsas, de multitudinaria participación, que se comeza a desfrutar coa Cea de Coroación da Raíña e Rei do Entroido dúas semanas antes das datas do Entroido.

As principais actividades desta festa, alén do imprescindible desfile do sábado, son as Comadres, o Pregón, as Coplas (todas o Luns de Entroido), así como o Baile do *Farolillo*, o *Touporroutou* e a queima do Entroido.

PARA NON PERDER:

O espectacular desfile de máis de tres horas de duración que ten lugar o Sábado de Entroido.

Este Carnaval es una fiesta multicolor sinónimo de arraigo, sentimiento, emoción, humor, transgresión, imaginación, calidad y vistosidad. Carnaval de *peñas*, de *turutas* y comparsas, de multitudinaria participación, que se comienza a disfrutar con la Cena de Coronación de la Reina y Rey del Carnaval dos semanas antes de las fechas del Carnaval.

Las principales actividades de esta fiesta, además del imprescindible desfile del sábado, son las Comadres, el Pregón, las Coplas (todas el lunes de Carnaval), así como el Baile del *Farolillo*, el *Touporroutou* y la quema del Carnaval.

PARA NO PERDERSE:

El espectacular desfile de más de tres horas de duración que tiene lugar el Sábado de Carnaval.



This Carnival is a multicoloured festival in which roots, feelings, emotions, humour, transgression, imagination, quality, and colourfulness are all present. This is a Carnival of *peñas*, *turutas* (*kazoos*), and *comparsas*, of multitudinous participation, which begins to be celebrated with the Coronation Dinner of the Queen and King of the Carnival two weeks before the beginning of the Carnival.

The main activities of this Carnival, apart from the must-see parade on Saturday, are the Comadres, the Pregón, the Coplas (all on Carnival Monday), as well as the Baile del *Farolillo* (Dance of the Lantern), the *Touporroutou*, and the *quema* of the Carnival.

DON'T MISS:

The spectacular three-hour parade on Carnival Saturday.



Enterro da Sardiña de Marín



Hai constancia de que se leva celebrando, polo menos, desde finais do século XIX. Despois da prohibición durante a ditadura e desde o ano 1976, o Ateneo Santa Cecilia de Marín retomou con forza a celebración do *Mércores de Cinsa*.

Alén de recuperar tradicións como o velorio e as choronas, o Enterro de Marín ten singularidades que o diferencian do resto de Galicia e España. Como a *Ladaña* que se lee na Praza do Reloxo, coa súa orixe no ano 1893, ou a música que toca a banda, do ano 1903. Toda a posta en escena da celebración procura respectar a tradición ao máximo.

✓ PARA NON PERDER:

O Velorio, Enterro da Sardiña e o Asolagamento da Sardiña que teñen lugar de forma consecutiva a tarde do *Mércores de Cinsa*.

Hay constancia de que se lleva celebrando, por lo menos, desde finales del siglo XIX. Tras la prohibición durante la dictadura y desde el año 1976, el Ateneo Santa Cecilia de Marín retomó con fuerza la celebración del *Mércores de Cinsa*.

Además de recuperar tradiciones como o velorio y as *choronas*, el Entierro de Marín tiene singularidades que lo diferencian del resto de Galicia y España. Como la *Ladaña* que se lee en la Praza do Reloxo, con su origen en el año 1893, o la música que toca la banda, del año 1903. Toda la puesta en escena de la celebración procura respetar la tradición al máximo.

✓ PARA NO PERDERSE:

El Velorio, *Enterro da Sardiña* y el Asolagamento da Sardiña que tienen lugar de forma consecutiva la tarde del *Miércoles de Ceniza*.

There is evidence that it has been celebrated, at least, since the end of the 19th century. After the prohibition, during the dictatorship and since 1976, the Ateneo Santa Cecilia de Marín took up again the celebration of the *Mércores de Cinsa* (*Ash Wednesday*).

In addition to recovering traditions, such as o *velorio* (*the funeral*) and as *choronas* (*the mourners*), the Burial of Marín has singularities that differentiate it from the rest of Galicia and Spain. Like the *Ladaña* that is read in Praza do Reloxo, with dates back to 1893, or the music played by the band, from 1903. All the production of the celebration tries to respect tradition as much as possible.

✓ **DON'T MISS:** The *Velorio*, the *Enterro da Sardiña*, and the *Asolagamento da Sardiña* take place consecutively on the afternoon of *Ash Wednesday*.





Bonitas de Sande (Cartelle)



É este un Entroido menos coñecido. O personaxe das bonitas ten unha complexa vestimenta, vai tocado cun sombreiro de madeira con plumas de aves, panos e fitas de cores. A máscara feita de arame sobre a que se pintan os trazos da cara en cores rechamantes. A vestimenta está composta por camisa branca con gravata vermella, dous mantóns de Manila polo lombo e cruzados sobre o peito, pantalón branco, saia de flores e flocos, zapatos negros, polainas negras de coiro con axóuxeres e un látigo de vimbio que portan na man.

A orixe das bonitas, sempre segundo os comentarios dos veciños, xorde despois da Guerra de Filipinas (1898), e de aí a razón de vestiren mantóns e panos traídos precisamente de Filipinas.

✓ PARA NON PERDER:

O Martes de Entroido que comeza cun gran desfile matinal polas rúas da vila e todo remata coa queima do Meco.

Es este un Carnaval menos conocido. El personaje de las bonitas tiene una compleja vestimenta, va tocado con un sombrero de madera con plumas de aves, pañuelos y cintas de colores. La máscara hecha de alambre sobre la que se pintan los trazos de la cara en colores llamativos. La vestimenta está compuesta por camisa blanca con corbata roja, dos mantones de Manila por la espalda y cruzados sobre el pecho, pantalón blanco, falda de flores y flecos, zapatos negros, polainas negras de cuero con cascabeles y un látigo de mimbre que portan en la mano.

El origen de las bonitas, siempre según los comentarios de los vecinos, surge después de la Guerra de Filipinas (1898), y de ahí la razón de vestir mantones y paños traídos precisamente de Filipinas.

✓ PARA NO PERDERSE:

El Martes de Carnaval que comienza con un gran desfile matinal por calles del pueblo y todo acaba con la quema del Meco.

This is a less well-known Carnival. The *bonitas* are the main characters, who wear an elaborate costume and a wooden hat adorned with bird feathers, handkerchiefs and coloured ribbons. They wear a mask made of wire, with facial features painted onto it in bold colours. The ensemble is composed of a white shirt with a red tie, two Manila shawls across the shoulders and crossed over the chest, a pair of white trousers, a skirt with flowers and fringing, black shoes, black leather leggings with jingling bells and a wicker whip which the *bonitas* carry in their hand.

According to local residents, the *bonitas* came into being after the Philippine War (1898), hence the reason for wearing shawls and cloths brought precisely from the Philippines.

✓ **DON'T MISS:** *Martes de Carnaval* (Carnival Tuesday), which begins with a great morning parade through the streets of the village, and everything comes to a close with the burning of the *Meco* figure.



Vellaróns de Riós



